

LORCA CASTRO EULALIA

00745533B

2004EXP47000835

R. 2565

---

### Anuncio

Por acordo da Xunta de Goberno Local do día 27 de abril de 2011 aprobouse a **CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE CONTEDORES SOTERRADOS NO CONCELLO DE LUGO. ACTUACIÓN INCLUÍDA NO PROXECTO URBAN (INICIATIVA URBANA) CO 70 % DE COFINANCIAMENTO DA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (PO FEDER GALICIA 2007-2013) (Proxecto nº 09UR3201 URBAN contedores soterrados recollida selectiva).**

Por medio deste anuncio dase a coñecer a licitación conforme as seguintes características:

#### 1.- Entidade adjudicadora.

- a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.
- b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

#### 2.- Obxecto do contrato.

- a) **Descrición do obxecto:** A subministración e instalación de contedores soterrados, segundo a características sinaladas no prego de condicións técnicas.
- b) **Prazo de execución:** Corenta días hábiles, dende a data de formalización do contrato administrativo.

#### 3.- Tramitación, procedemento e forma de adjudicación.

- a) **Tramitación:** ordinaria
- b) **Procedimento:** aberto.

#### 4.- Tipo de licitación:

227.048,28 €, IVE do 18 % incluído.

#### 5.- Garantías:

- a) **Provisional:** Non se esixe.
- b) **Definitiva:** O 5 % do importe de adjudicación, excluído o IVE

#### 6. Obtención de documentación e información.

- a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.
- b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.
- c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002
- d) **Teléfonos:** (982) 29-71-45, 29-73-01, 29-71-43
- e) **Telefax:** (982) 29-72-59.
- f) **Dirección internet:** [www.lugo.es](http://www.lugo.es) (Zona de servizos/perfil do contratante/contratos de subministracións)
- g) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

#### 7.- Requisitos específicos do contratista.

- a) **Outros requisitos:** Os sinalados nos pregos de cláusulas administrativas particulares e no de condicións técnicas.

#### 8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

- a) **Data límite de presentación:** O prazo de presentación de proposicións será de quince días naturais contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.
- b) **Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula décima do prego de cláusulas administrativas particulares.
- c) **Lugar de presentación:**
  - 1ª **Entidade:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares.
  - 2ª **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197, planta baixa.
  - 3ª **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

#### 9.- Apertura das ofertas.

- a) **Entidade:** Concello de Lugo
- b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197, 3ª planta.
- c) **Localidade:** Lugo
- d) **Data:** ó segundo día natural posterior ó remate do prazo de presentación de proposicións.

10.- **Outras informacións:** As que se recollen nos pregos de cláusulas administrativas particulares e no de condicións técnicas.

Lugo, 11 de maio de 2011.-O ALCALDE, P.D. A TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO; ( Decreto Alcaldía nº 75/2007), Sonia Méndez García

R. 2540

**MONFORTE DE LEMOS**  
**TESOURERÍA-RECADACIÓN EXECUTIVA**

*Anuncio*

**CITACIÓN PARA NOTIFICACIÓN POR COMPARECENCIA DE REQUERIMENTO DE BENS PARA O EMBARGO**

De conformidade co disposto no artigo 112 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e artigos 59.5 e 61 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Jurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, “Boletín Oficial do Estado” 285, de 27 de novembro de 1992 (redacción Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, “B.O.E.” do 14, e Lei 24/2001, de 27 de decembro, “B.O.E.” do 31), e non sendo posible notifica-lo requerimento de bens para o embargo no procedemento recadatorio por causas non imputables a esta Administración Local, cítase ós seguintes debedores que a continuación se relacionan para que no prazo de 15 días naturais, contados a partir do seguinte ó da publicación deste anuncio, pasen a retirar persoalmente ou por medio de representante, as notificacións que figuran na relación adxunta, na Oficina de Recadación Ejecutiva do Concello de Monforte de Lemos, sita na rúa Tecelanes nº 2, baixo, en horario de 08:30 a 14:30 horas de luns a venres e os martes de 16:30 a 18:30 horas (Teléfono 982 41 62 08, Fax 982 41 60 10 e mail: [recadacion.monforte@gtt.es](mailto:recadacion.monforte@gtt.es))

Transcurrido o citado prazo sen comparecer, a notificación entenderase producida a tódolos efectos legais desde o día seguinte o do vencimento do prazo anteriormente sinalado.

O órgano responsable da tramitación do procedemento executivo é a Tesourería deste Concello.

Monforte de Lemos, a 6 de maio de 2011.-A Tesoureira, M<sup>a</sup> Teresa Diz Alonso

NOMBRE	NIF
GONZALEZ ALVAREZ VICENTE	34115773B

R. 2495

**A PASTORIZA**

*Anuncio*

A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 28 de abril de 2011, aprobou os padróns das taxas polo abastecemento de auga e por recollida de lixo do 1º trimestre do exercicio 2011. Ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago, que os padróns estarán expostos ao público nestas oficinas municipais por prazo de 15 días contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Se transcurrido dito prazo non se formulase ningunha reclamación entendénderáse elevados a definitivos.

Contra os referidos padróns e as liquidacións incorporadas aos mesmos os interesados poderán interpor recurso de reposición ante esta Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdicción.

**ANUNCIO DE COBRANZA**

O prazo de ingreso en período voluntario, será o comprendido entre o 30 de maio e o 30 de xullo de 2011, ámbolos dous inclusive.

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, seranlles cargados nas contas bancarias respectivas a partir do día 5 de xullo de 2011. O resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas municipais onde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar o pago.

Transcurrido o prazo de ingreso en período voluntario iniciarase o período executivo, que determinará a esixencia dos correspondentes recargos, xuros de demora e, no seu caso, costas que se produzan. A recadación da débeda resultante realizarase por vía de constrinximento a través do Servizo de Recadación da Deputación Provincial.